

# O BNG reclama un maior compromiso co galego

VIGO / LA VOZ

O BNG reclama un maior compromiso do Concello de Vigo coa normalización do galego diante da «emerxencia lingüística» e o retroceso do seu uso social na cidade. A fronte nacionalista denuncia o incumprimento da ordenanza municipal de Normalización Lingüística e critica que o goberno local destine menos do 5% do orzamento das becas de inglés a promoción do galego. O portavoz municipal do BNG, Xabier Pérez Igrexas, acusa a Abel Caballero de vulnerar a normativa lingüística e de aplicar políticas que relegan o galego a un uso ornamental. Neste sentido, insta ao Concello a impulsar medidas que garantan o dereito da cidadanía a vivir plenamente en galego. Entre as propostas do BNG destaca a realización dun estudo sociolingüístico en colaboración coa Universidade de Vigo para actualizar os datos sobre o galego na cidade.